

NUMERO EXPEDIENTE	2024027810
ASUNTO	Aprobando o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro"
TRAMITE	Aprobación expediente de contratación

A Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das atribucións conferidas pola Presidencia, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra puxo en marcha en 2016 o Viveiro de empresas do polígono de Barro coa finalidade de facilitar o desenvolvemento de iniciativas económicas de interese para a provincia nun contorno económico e empresarial complexo que demanda proxectos empresariais creativos, innovadores e sólidos. É unha estrutura de acollida temporal de empresas dirixida a encamiñalas nos seus primeiros pasos no mercado, prestarlles servizos adaptados ás necesidades de cada proxecto empresarial e favorecer a colaboración entre elas.

Resultando.- Que na actualidade, os exteriores das edificacións presentan deterioros do paso dos anos e para a súa correcta conservación e mantemento, a Deputación de Pontevedra ten a necesidade de acometer actuacións de reparacións e pintado exterior dos referidos edificios.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Vicepresidenta da Deputación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do "Centro de Servizos e Apoio Empresarial" e do "Viveiro de empresas" do polígono de Barro".

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo técnico adscrito ó Servizo de Cooperación, Don Jacobo Nores Lagoa, a memoria valorada para a execución da obra "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do "Centro de Servizos e Apoio Empresarial", cun orzamento base de licitación de 39.814,87 € IVE incluído. A esta memoria asignóuselle o código (CSV) DEE81YV79IVXC7OG.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: UoOQSL7744OTFRGK resolución do Alcalde do Concello de Barro na que se declara completa a documentación presentada pola Deputación de Pontevedra, para a obra de Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro, por axustarse o seu contido á normativa aplicable e á ordenanza reguladora vixente, considerándose como trámite de Comunicación Previa de obras menores.



Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 39.8104,87 €, con número de operación 202400108835 con cargo á aplicación orzamentaria 24/942.4330.212.00 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2024004401 de data 29/05/2024 aprobouse a memoria valorada para a execución da obra "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial" redactada polo técnico adscrito ó Servizo de Cooperación, Don Jacobo Nores Lagoa, cun orzamento base de licitación de 39.814,87 € IVE incluído. A esta memoria asignóuselle o código (CSV) DEE81YV79IVXC7OG.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: 4YRXHYQP4WSF5IAK.

Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Considerando.- Que segundo o establecido no art. 147.1 da Lei 2/2016 de 10 febreiro do Solo de Galicia (LSG), os actos relacionados no art.142 que promovan os órganos das administracións públicas estarán suxeitos ao control municipal mediante a obtención da licenza municipal ou comunicación previa. Consonte o art. 142 da LSG estarán suxeitos a licenza municipal os actos de edificación e uso do solo que precisen de proxecto de obras de intervención.

Considerando.- Que estudada a documentación da memoria, non se considera necesario ningunha autorización a maiores derivada da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: "A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante"

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que "Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante."

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: "Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.."



Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: " A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto..."

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16ª.1a), e da Resolución Presidencial número 2024002173, de 15 de marzo de 2024, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2024002205, de 15 de marzo de 2024

RESOLVO,

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro" cun orzamento base de licitación de 39.814,87 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	32.904,85 €
IVE (21%)	6.910,02 €
Importe Total.....	39.814,87 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): N8VOTXToMA4YSXgK, e de prescricións técnicas con código (CSV) DEE81YV79IVXC7OG, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 39.814,87 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/942.4330.212.00 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Documento asinado electronicamente ao marxe

